

Resolución reitoral pola que se convocan bolsas de mobilidade para estudantes de grao e máster universitario para participar en proxectos e accións de cooperación ao desenvolvemento no curso 2025/2026.

A Axenda 2030 presenta unha nova visión do desenvolvemento sostible que compromete en todos os países a axentes sociais e institucións públicas, entre as que se atopa a Universidade, a impulsar o crecemento económico e social sostible das sociedades.

A Universidade de Vigo, aliñada co cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), incorpóraos ás súas políticas universitarias a través de distintas actuacións nos seus campos de acción: docencia, investigación e extensión universitaria.

A Universidade de Vigo fomenta a implicación da comunidade universitaria na busca activa de mecanismos que permitan o desenvolvemento sostible do noso planeta fundamentado na solidariedade, a dignidade das persoas, a xustiza, a equidade e a inclusión, a igualdade de xénero, o respecto aos dereitos humanos e as institucións democráticas, a defensa do medio ambiente e a solución pacífica das controversias. Para tal fin a universidade promove activamente accións destinadas a formar profesionais responsables e comprometidos cos retos globais da Axenda 2030.

Por ese motivo en liña co plan estratéxico da Universidade de Vigo 2020-2024 (Liñas 1, 24 e 27), convoca estas estadias destinadas ao estudiantado de Grao e Máster universitario para participar en accións e proxectos de Cooperación ao Desenvolvemento.

Vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar bolsas de mobilidade para estudantes de Grao e Máster universitario para participar en proxectos e accións de cooperación ao desenvolvemento en réxime de concorrencia competitiva, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte de se publicar, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerrectora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo

CSV : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 14/04/2026 13:26 | NOTAS : F



ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO PARA PARTICIPAR EN PROXECTOS E ACCIÓNS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO NO CURSO 2025/2026**1. OBXECTO**

A presente convocatoria está prevista no Plan Estratéxico de subvencións da Universidade de Vigo para o ano 2026 como acción destinada ao cumprimento do obxectivo “Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade”, a través da participación do estudantado en proxectos de Cooperación internacional para o Desenvolvemento, co fin de que integren elementos teóricos e prácticos adquiridos na súa formación académica e contribúan como universitarios/as e cidadáns/ás comprometidos/as cos retos globais contidos na Axenda 2030.

Por medio desta bolsa o estudantado de Grao e Máster universitario da Universidade de Vigo poderá realizar unha estada vinculada a un axente de cooperación no marco dun proxecto ou acción de cooperación nun país dos sinalados nesta convocatoria, e que o traballo que desenvolva sexa validado no marco de traballos de fin de carreira, prácticas, ou traballos recoñecidos no marco de materia.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderá solicitar bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado no curso 2025/2026 nunha titulación de Grao ou Máster universitario da Universidade de Vigo.
- b) Ter superado o 50% dos créditos da titulación de Grao, no prazo de presentación de solicitudes.
- c) Realizar a estada nun dos países prioritarios establecidos no V plan director da Cooperación Galega: Bolivia, Ecuador e Perú (en América do Sur), República Dominicana (no Caribe) Guatemala, O Salvador, Honduras, e Nicaragua (en Centro América), Mozambique, Cabo Verde e Guinea Bissau (en África) ou nos incluídos dentro das áreas prioritarias do VI Plan da cooperación Española.
- d) Comprometerse a realizar prácticas, un traballo académico con recoñecemento curricular, ou defender o Traballo Fin de Estudos, no curso 2025/2026 ou 2026/2027 en temáticas relacionadas con:
 1. Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible.
 2. Cooperación ao desenvolvemento: cooperación financeira; cooperación técnica; axuda alimentaria e axuda humanitaria; principios e fundamentos xurídicos; política e xestión; cooperación e muller; dereitos humanos; ONGD e outros actores da cooperación ONGD; cooperación empresarial; cooperación universitaria.
- e) Contar coa aceptación dun axente de cooperación responsable do proxecto de cooperación no exterior (ONGD, Asociación, Fundación, Universidade)
- f) Contar co visto e prace dun/dunha profesor/a da Universidade de Vigo, no que se reflicta o interese formativo da estada, no que constarán as indicacións do recoñecemento curricular que poidan supoñer para o/a estudante (prácticas, materias, ou traballo fin de estudos).

CSV : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO | FECHA : 14/04/2026 13:26 | NOTAS : F



- g) Para aqueles países cuxo idioma oficial non sexa nin español nin portugués cómpre acreditar, segundo o Marco Común Europeo de Referencia, o nivel B1 de inglés/ francés.
- h) Non poderán ter a condición de beneficiarios/as persoas que residan habitualmente no país no que se solicita a estadía.
- i) Deberán presentar declaración responsable segundo modelo (Anexo V)

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións, de 17 de novembro.

3. CARACTERÍSTICAS DA MOBILIDADE

1. As estadías deberán ter unha duración mínima de 30 días e máxima de 90 días a realizar entre o 1 de xuño e 2026 e o 31 de outubro de 2026.
2. As estadías realizaranse nalgún dos países sinalados no punto 2c) desta convocatoria.
3. As actividades a realizar durante a estadía deben ter relación directa coas prácticas, traballo fin de estudos ou coa materia de que se trate.
4. As actividades non poderán realizarse en países aos que o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación (MAEC) de España desaconselle viaxar, durante ou despois da resolución da convocatoria. As recomendacións de viaxe para cada país poderán consultarse a través do seguinte enlace:

<https://www.exteriores.gob.es/es/ServiciosAlCiudadano/Paginas/Recomendaciones-de-viaje.aspx>

5. A estadía desenvolverase en proxectos de cooperación liderados pola Universidade de Vigo ou outros proxectos de cooperación desenvolvidos por Axentes de Cooperación, sen ánimo de lucro que se atopen inscritas no rexistro de axentes da Xunta de Galicia, <https://cooperacion.xunta.gal/es/entidades-inscritas-en-la-seccion-ongd> noutros rexistros análogos das Comunidades Autónomas ou da AECID <https://www.aecid.es/buscador-ongd>
6. A persoa solicitante deberá contar cun titor/a na entidade de acollida que asumirá as tarefas de apoio, supervisión e orientación do plan de traballo a realizar.

A Universidade de Vigo resérvase, o dereito de suspender a convocatoria ou anular algunha/s das bolsas, no caso que as condicións no país de destino empeoren ou que as autoridades sanitarias desaconsellen a actividade no seo da entidade de destino por mor de calquera situación sobrevida.

4. PERFIL DAS ENTIDADES DE DESTINO.

A entidade de destino cumprirá algún dos seguintes perfís:

- a) ONGD ou Fundación española con sede no país de destino, onde desenvolve proxectos de Cooperación ao Desenvolvemento Organización sen ánimo de lucro .
- b) Universidades Públicas do Sur con fins relacionados co eido da cooperación ao desenvolvemento no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (o desenvolvemento comunitario, a loita contra a pobreza, a exclusión social, o acceso á saúde e a educación universal, etc.).
- c) Organización local contraparte dunha ONGD ou Universidade Pública do Sur con proxectos

CSV : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO | FECHA : 14/04/2026 13:26 | NOTAS : F



sociais.

Quedarán excluídas como entidade de destino as organizacións con ánimo de lucro e outras institucións sen fins sociais.

5. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas que se establecen nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións*.

6. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta axuda irán con cargo á aplicación orzamentaria 2026 00EX 121D 482.10 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 3.000€ para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía individual máxima da bolsa dependendo da duración e do destino, ata o esgotamento do crédito, será:

1. Viaxe entre a cidade de destino e a cidade onde está matriculada:

Distancias	Contía da axuda
Entre 500 e 1.999 kms.	275,00 €
Entre 2.000 e 2.999 kms.	360,00 €
Entre 3.000 e 3.999 kms.	530,00 €
Entre 4.000 e 7.999 kms.	820,00 €
8.000 kms. ou máis	1.500,00 €

Para o cálculo das distancias utilizarse a ferramenta “Calculadora de viaxes Erasmus +”

<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es/resources-and-tools/distance-calculator>

2. Manutención e aloxamento: 500 €/cada 30 días ou o importe proporcional á duración da estadía.
3. Seguro de asistencia sanitaria, no caso de ser necesario.

No caso de que non exista crédito suficiente para outorgar a contía establecida á última persoa seleccionada, esta recibirá o importe restante ata o esgotamento do crédito, sen prexuízo de que no caso de que se produza algunha renuncia se lle complete ata a contía prevista.

No caso de non esgotarse o orzamento poderase asignar unha contía adicional máxima de 500 euros calculada de xeito proporcional á duración da estadía.

3. O pagamento da bolsa efectuarase en dúas fases:

- 80% da contía unha vez presentada a carta de aceptación da bolsa,
- 20% ao finalizar a estadía e unha vez presentada a memoria final co visto e prace do/a titor/a da entidade de acollida, mediante transferencia á conta bancaria en España indicada

CSV : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO | FECHA : 14/04/2026 13:26 | NOTAS : F



pola persoa beneficiaria na súa solicitude de da que deberá ser titular.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán cubrir o *formulario en liña* dispoñible na secretaría virtual da Universidade <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/bolsas/convocatorias/index> **Bolsa de mobilidade proxectos cooperación**

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza **11 de maio de 2026** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegárase a seguinte documentación:

- a) Documentación acreditativa da formación e/ou experiencia en voluntariado e cooperación ao desenvolvemento.
- b) Documentación acreditativa do idioma, B1 de inglés/francés (no caso de ser preciso, segundo país de destino).
- c) Plan de traballo individualizado que conterá unha descrición do traballo a realizar no marco do TFG/TFM, practicas ou traballo académico a súa motivación, obxectivos, actividades e resultados esperados. (Anexo II)
- d) Informe dun/dunha profesor/a da UVigo, na que se reflecta o interese formativo da estadía, no que constarán as indicacións do recoñecemento curricular que poidan supoñer para o/a estudante (prácticas de materias, proxecto fin de carreira ou traballo de materias). (Anexo III)
- e) Carta de acollida e presentación do proxecto asinada pola organización ou persoa coordinadora do proxecto de acollida. (Anexo IV)
- f) Declaración responsable. (Anexo V)

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

3. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo coa seguinte prioridade e puntuación:

CSV : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO | FECHA : 14/04/2026 13:26 | NOTAS : F



A. Prioridade:

- 1º. Proxectos que obtivesen financiamento da Cooperación Galega ou da Cooperación Española.
- 2º Cota xeral.

B. Puntuación: dentro de cada colectivo dos sinalados anteriormente se adxudican as bolsas de acordo coa seguinte puntuación:

- a) Calidade do plan de traballo atendendo a ás motivación calidade técnica, o interese científico e obxectivos de formación: **máximo 3 puntos**.
- b) Experiencia ou formación en voluntariado e formación cooperación ao desenvolvemento: **máximo 2 puntos**.
 - i. Cursos/actividades de voluntariado presenciais de até 10 horas: 0,02 puntos por hora.
 - ii. Cursos/actividades de voluntariado presenciais de entre 11-20 horas: 0,05 puntos por hora.
 - iii. Cursos/actividades de voluntariado presenciais a partir de 21 horas: 0,1 puntos por hora.
 - iv. Cursos ou outras actividades non presenciais: 0,01 puntos por hora cun máximo de 0,4 por curso.
 - v. No caso de que no certificado non aparezan as horas, o curso/actividade puntuarase con 0,02 puntos.
- c) Nota media, no caso de estudos de grao ou continuación de máster universitario de máis de 60 créditos, e nota de acceso para o estudantado que inicia estudos de máster universitario: **máximo 2 puntos**.
- d) Recoñecemento por TFG/TFM e prácticas: **2 puntos**
- e) Proxecto de acollida: valorarase a traxectoria do axente de cooperación que coordina o proxecto, que o proxecto de acollida estea financiado por convocatorias públicas de cooperación ao desenvolvemento, o soporte proporcionado á persoa solicitante así como a experiencia previa acollendo bolseiros/voluntarios : **máximo 2 puntos**.
- f) Coa fin de potenciar o papel da Universidade de Vigo como Axente de Cooperación, valorarase que a estadía se realice nun proxecto no que participe a Universidade de Vigo no que se demostre claramente a relación do proxecto coa Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento: **1 punto**.

A Comisión de selección estará composta por:

Presidenta: Susana María Rebores Morillo vicerreitora de Extensión Universitaria

Vogais: Rosa Graña, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

Tatyana García Graña, estudante do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

A comisión poderá solicitar informes técnicos externos no caso de ser necesario.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora tivese que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non puidese asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee, o cal deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade

CSV : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORES MORILLO | FECHA : 14/04/2026 13:26 | NOTAS : F



ou colectivo.

4. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada coa mención da causa de denegación e a listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

5. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual.

6. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Extensión Universitaria, quen adjudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

7. As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adjudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse no enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias das bolsas deberán aceptar a concesión desta bolsa mediante escrito presentado na secretaría virtual da Universidade de Vigo ([enlace aceptacion](#)) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, no prazo de **cinco días** dende a data de publicación da concesión.

A non aceptación entenderase como renuncia á bolsa previa resolución coa conseguinte perda de dereito de cobro e concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda previa resolución.

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na Secretaría Virtual ([formulario renuncia](#)) e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas e o titor/a, cun mínimo de 5 días de antelación á data en que se fará efectiva a renuncia, a cal dará lugar á perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada e á concesión da bolsa á seguinte



persoa da listaxe de agarda previa resolución.

10. OBRIGAS

A persoa beneficiaria da bolsa deberá:

- 1) Antes da estadía:
 - a) A asistir á formación organizada pola UVIGO e a entidade de cooperación.
 - b) A xestionar a súa viaxe, aloxamento, vacinacións e de ser o caso tramitar o visado e realizar calquera outra xestión necesaria para asegurar a permanencia no destino durante a duración do estadía.
 - c) A comunicar calquera proposta de cambio de datas, que deberá ser autorizada previamente.
- 2) Durante a estadía:
 - a) No momento da súa chegada ao país de destino deberá enviar por correo electrónico a bolsasformacion@uvigo.es xustificante de inicio de estadía asinado polo/a titor/a da entidade de acollida
 - b) Cumprir co plan de traballo presentado na solicitude. Calquera modificación (de datas, centro de destino...) deberá ser autorizada pola vicerreitora de Extensión Universitaria á vista dos informes dos/as titores/as.
 - c) Cumprir a normativa vixente relativa ás prácticas externas establecidas pola universidade de Vigo, responsabilizándose da tramitación dos documentos que corresponda.
- 3) Ao finalizar a estadía:
 - a) Presentar un informe do/a titor/a da entidade de acollida que recolla a data de fin da estadía e o grao de desempeño.
 - b) Presentar unha memoria xustificativa do traballo realizado, resultados acadados e coñecementos adquiridos, que deberá contar co visto e prace do/a profesor/a.
 - c) Cubrir unha enquisa de satisfacción ao regreso da estadía.
- 4) Deberá presentar na Vicerreitoría de Extensión Universitaria documentación visual da súa estadía (fotografías ou vídeos en formato .JPG) e da súa participación no proxecto. En todo o material que se xere das actividades que se desenvolvan no marco desta convocatoria deberá constar que se levaron a cabo con financiamento da Universidade de Vigo.
- 5) Participar, no caso de que se lle requira, nunha actividade de sensibilización que determinará a Vicerreitoría de Extensión Universitaria, na que relatará a súa experiencia no terreo.
- 6) Defender o traballo fin de estudos, matricularse/recoñecer as prácticas, ou a materia relacionada coa actividade, segundo sexa o caso, no curso 2025/2026 ou 2026/2027.

A Universidade de Vigo resérvase a posibilidade de editar materiais escritos ou dixitais co contido audiovisual entregado polas persoas bolseiras unha vez finalizada a súa estadía. As persoas beneficiarias da bolsa comprométese a ceder a propiedade de todo o material entregado á Universidade de Vigo como xustificación da estadía, que poderá facer uso deste para difundir a bolsa en calquera formato, indicando sempre a autoría.

Ademais a persoa beneficiaria deberá cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexa de aplicación.

CSV : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 14/04/2026 13:26 | NOTAS : F



11. REINTEGRO DAS BOLSAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Serán causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

1. Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
2. A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas estará obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

12. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



ANEXO II
FORMULARIO DO PROXECTO (estudante solicitante)

(En calquera das alíneas deste impreso poderá empregarse máis espazo se fora preciso)


1. FICHA DESCRIPTIVA DO TRABALLO OU PROXECTO A REALIZAR	
1.1. <i>Título do traballo ou proxecto a realizar</i>	
1.2. <i>DATOS DA ONGD/UNIVERSIDADE COLABORADORA (coordinadora do proxecto)</i>	
Nome da ONGD/Universidade colaboradora	
1.3. <i>País de realización</i>	
Incluír país e lugar no que se desenvolverá a estadía	
1.4. <i>BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO (DESCRIBA O PROXECTO EN CATRO OU CINCO LIÑAS)</i>	
1.5. <i>DATA DE INICIO E FINALIZACIÓN DO PROXECTO</i>	
Data de inicio:	Data de finalización:

2. DATOS BÁSICOS DO PROXECTO A REALIZAR
Título do Proxecto ou traballo:
País e lugar ou lugares de execución da estadía:
Duración da estadía:
Ámbito de actuación do proxecto (saúde, vivenda, educación, saneamento...):
Obxectivos xerais e específicos do proxecto:

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original | C.S.V. : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://run.gob.es/hsb0d8bw6q

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original | C.S.V. : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

3. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES QUE SE LEVARÁN A CABO DURANTE A ESTADÍA
4. CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES (indique as datas de realización, os prazos, o comezo e a fin das actividades...)
5. MOTIVACIÓN PARA REALIZAR A ESTADÍA

	<p>CSV : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2 DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://run.gob.es/hsb0d8bw6q FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO FECHA : 14/04/2026 13:26 NOTAS : F</p>
---	---

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original | C.S.V. : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

ANEXO III
Formulario do profesorado responsable da materia

DATOS DO/A PROFESOR/PROFESORA	
Primeiro apelido:	Segundo apelido:
Nome:	Correo electrónico:
Teléfono:	Departamento:
DATOS DO/A ESTUDANTE TORIZADO	
Primeiro apelido	Segundo apelido::
Nome:	Titulación:
DATOS DA ACTIVIDADE QUE VAI A TORIZAR (TFG, TFM, Practicas, traballos no marco de materias)	
Materia no marco da cal se recoñecerá a estadia	
Organización onde se realizará a actividade	
Actividades que realizará en terreo o/a estudante	
Describe cómo a actividade a realizar vai a contribuír a que a estudante desenvolva as competencias necesarias para superar o TFG/TFM/practicum/materia	
Explique por que considera adecuado que o/a estudante realice esta actividade:	
DECLARO	
Que me comprometo á dirección e titorización do/da estudante indicado/a.	
Que dou o meu visto e praxe e avalo a realización desta actividade.	

INFORMACIÓN ADICIONAL	
En , a de de 2026	Sinatura dixital.

CSV : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 14/04/2026 13:26 | NOTAS : F



ANEXO IV
Formulario para a ONGD/Entidade que desenvolve o proxecto de Cooperación

1- DATOS DA ONGD/UNIVERSIDADE COLABORADORA			
Nome da ONGD/Universidade colaboradora			
Persoa de contacto (Nome e apelidos)		Nº Rexistro Galego de Axentes de cooperación ou similar	
Páxina web			
Correo electrónico		Telf.	
		Fax	
Enderezo para os efectos de notificación			
2 DATOS DA CONTRAPARTE LOCAL			
Nome da ONGD/Universidade colaboradora			
Persoa de contacto (Nome e apelidos)			
Páxina web			
Correo electrónico		Telf.	
Enderezo para os efectos de notificación			
3 DATOS DO PROXECTO			
Título do proxecto			
Obxectivos xeral do proxecto			
Obxectivos específicos do proxecto			
Indicar se o proxecto esta financiado no marco dunha convocatoria pública			
Entidade financiadora			
Vixencia do proxecto			
4 BREVE EXPERIENCIA DA TRAXECTORIA DA ONGD OU ENTIDADE			

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original | C.S.V. : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

Listaxe de proxectos desenvolvidos indicando a entidade financiadora	
A entidade, ¿Ten experiencia en materia de acollemento de bolseiros/as ou voluntarios/as no pais de destino? Indicar si (e especificar as experiencias) ou indicar non	
5 DECLARACIÓN RESPONSABLE A COMPROMISO DE TITORIZACIÓN ACOLLEMENTO, SEGURIDADE	
<p>A persoa que asina abaixo en nome da entidade coordinadora do proxecto. Declara responsablemente:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A autenticidade de todos os datos que achegan • Que revisou o anexo II da solicitude da alumna onde se indica o cronograma da estadía • Que asume a responsabilidade de lle proporcionar a persoa participante nesta convocatoria unha persoa titora durante a súa estadía, información sobre as normas de seguridade do país de destino (manual e outros documentos relevantes da ONGD); do apoio na busca de aloxamento (sexa nunha residencia, apartamento, familia acolledora ou en calquera outro que cumpra as condicións mínimas de seguridade); e dos desprazamentos internos no país de destino do/da voluntario/a. • Comprometese a estar en contacto coa Universidade de Vigo para calquera eventualidade que poida xurdir durante a estadía • Comprométese , a manifestar que a estadía da persoa beneficiaria da bolsa é unha convocatoria da Universidade de Vigo. 	
6- Solicitamos que se teña en conta a solicitude do/a estudante:	
Nome da alumna/o	

CSV : GEN-ee30-86d4-4d64-9ed1-c40a-8eb8-c845-cfe2

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://run.gob.es/hsb0d8bw6q

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 14/04/2026 13:26 | NOTAS : F



ANEXO V
Declaración responsable

Nome e apelidos,.....
DNI:.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que o país onde solicito realizar a estadia non é o meu país de residencia habitual.

Comprométome a realizar prácticas, un traballo académico con recoñecemento curricular ou defender o Traballo Fin de Estudos, no curso 2025/2026 ou 2026/2027 en temáticas relacionadas coa Axenda 2030 e/ou Cooperación ó Desenvolvemento.

Declaro non ter solicitado/concedida outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

En....., a de de 20.....
(Sinatura)